


Catálogo Nacional Monumentos Históricos	
Estado	GALICIA
Municipio	OUTES
Inmueble	Igrexa parroquial de Santa María de Entíns
Dirección	Lugar de Entíns, s/n. 15236
Coordenadas	42.844150 -8.897308
	
Descripción	<p>A igrexa primitiva de Santa María fora a máis antiga de toda a comarca, como se pode deducir dos canzorros románicos, sobre os que apoiaba o seu tellado. Nos primeiros anos XVIII comezouse a facer outro edificio de maiores dimensións. Segundo Xoán Mariño:.. ”as obras foron dirixidas polo mestre Blas Batela, e rematadas no ano 1720 segundo unha inscrición visible na bóveda do cruceiro. Polo tanto a igrexa está feita en plena época barroca, pero salvo a decoración da fachada, o edificio ten como característica principal unha austeridade ornamental que nos dá unha sensación de gran solidez, pero tamén de pesadez”. A planta é de cruz latina co testeiro recto e capela cadrada que fai as funcións de sancristía no lado norte do presbiterio. No muro occidental ábrese a porta principal e ten outra máis pequena no muro sur do brazo maior. Os muros son de cadeirado de granito completamente lisos, agás na portada. Esta aparece decoradas con orelleiras cadradas de baquetóns superpostos que enmarcan a porta, esta vai flanqueada por pilastras caixeadas que sosteñen unha moldura dobre que fai as veces de entablamento, a cornixa sobresa máis notablemente e sobre ela descansa un frontón de liñas crebadas con pináculos, o do medio leva unha cruz. A igrexa vai cuberta con bóveda de canón, menos o cruceiro, que leva bóveda de aresta e o segundo tramo do brazo maior, así como o presbiterio, que levan bóveda de canón con lunetos, apoiadas todas sobre arcos faixóns reforzados que descansan sobre ménsulas, agás cos arcos do cruceiro, que o fan sobre pilastras caixeadas.</p>
Campanas y esquilas	3 campás.
Toques actuales	
Conservación	
Protección	
Propuestas	
Autores del registro	TROIANO CARRIL, Xosé / CAMPÁS E RELOXOS MONUMENTAIS DE GALICIA

Fecha del registro	04-03-2023
---------------------------	------------

Campanas actuales

Localización	Campana	Fundidor	Año	Diámetro	Peso
Torre exenta	<u>Menor.</u>	<u>SERNA, JOSÉ FRANCISCO (SANTIAGO DE COMPOSTELA)</u>	1812	64	152
Torre exenta	<u>Mediana.</u>	<u>OCAMPO, HERMANOS</u>	1973	89	408
Torre exenta	<u>San Roque</u>	<u>OCAMPO, HERMANOS</u>	1973	106	690

Información completa: [Igrexa parroquial de Santa María de Entíns - OUTES \(GALICIA\)](#)